



CONCELLO DE AGOLADA

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 3 TRABALLADORES “SOCORRISTAS”, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, AO ABEIRO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019. TR351A 2020

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en aplicación da *ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (código de procedemento TR351A).*

Nº postos e Ocupación: 3 SOCORRISTAS

Servizo: SOCORRISMO E FORMACIÓN ACUÁTICA

Duración contratación: 2 meses.

Xornada completa: 100

A selección dos traballadores atenderá en todo caso aos requisitos establecidos no

“artigo 14. Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras

1. Os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/polos cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social”...

“3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán aos traballadores e ás traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego”

“5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.





CONCELLO DE AGOLADA

- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento”.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada, completa e para o para o servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallase seguidamente:

Ocupación: socorrista ,

Grupo de Cotización 8

Servizo:Socorrismo e formación acuática.

Xornada: Completa 100%)

Retribucións mensuais incluída a prorrata da paga extra; 1.161,34€/mes

Ámbito: Piscinas municipais e/ou Área recreativa de Brocos

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:
 1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo





CONCELLO DE AGOLADA

o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Ocupación: peón mantemento

Segundo o artigo 13.d) da orde deconvocatoria de axudas do 20 de decembro de 2020 “Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Requisitos específicos:

-Se esixe estar en posesión do carnét de socorrista debidamente inscrito e vixente segundo a normativa para poder desenrolar as tarefas propias de socorrista na área xeográfica de Galicia. O non ter dita acreditación ou non a presentar no momento da selección conlevará a exclusión do proceso de selección e decaerá na súa solicitude.





CONCELLO DE AGOLADA

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo atendendo aos requisitos establecidos e segundo o previsto no artigo de “requisitos da contratación” da Orde do 20 de decembro de 2019, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego a fin de obter unha lista de candidatos a participar no proceso de selección correspondente.

Non se requirira a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web www.agolada.es.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego para a súa presentación no Concello de Agolada, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos para ser obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

QUINTA. Admisión de aspirantes

Se admitirá a todos os candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina pública de emprego, e unha vez recibida se indicará o día, hora e lugar de presentación dos candidatos.

A incomparecencia nas datas, lugares e horas indicados, suporá o desestimento do candidato ao seu dereito de participación no procedemento e conlevará a súa exclusión do proceso de selección.

Se publicará anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, onde se sinalará a data e hora na que se constituirá o tribunal.

Ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por:





CONCELLO DE AGOLADA

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Diego García Pérez, (secretario-accidental do Concello de Agolada).

Presidente suplente: Calquera dos citados a continuación salvo o secretario.

Vocais:

1er vocal: Ovidio Reboredo Carmuega (funcionario do Concello de Agolada).

2º vocal: Inmaculada Galego Vázquez Persoal do Concello de Agolada

3º vocal: Laura Reboredo Vilariño (traballadora social do Concello de Agolada)

Secretario: José Manuel Otero García, persoal do Concello de Agolada

Secretario suplente: Calquera dos citados anteriormente salvo o presidente..

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretario@ e un dos vocais. Se nomea suplente indiferente do presidente ou secretario a cada un dos vogais citados, que en ausencia dos citados, presidente ou secretario, actuaran como tales na orde de prelación establecida 1º vogal, 2º vogal e 3º vogal.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas





CONCELLO DE AGOLADA

contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida segundo os seguintes cadros de valoración.

Terán preferencia;

a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.

b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

c) Persoas paradas de longa duración.

d) Persoas con discapacidade.

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento”.

FASE DE CONCURSO (máximo 2,00 puntos)

Factores, dimensións e indicadores empregados:





CONCELLO DE AGOLADA

1 Cadro de puntuación fase de concurso

Categoría	Puntuación
Muller	0,50
Vítima de violencia de xénero	0,50
Menor de 30 anos ou maiores de 45	0,50
Demandante de primeiro emprego	0,50
Sen cualificación (aparte do título de socorrismo que é obrigatorio)	0,50
Parados de longa duración (+de1 ano)	0,50
Persoa con discapacidade (sempre que non impida o correcto labor encomendado)	0,50
Persoas que carezan de ingresos	0,50
Persoas rexistradas no Risga	0,50
Persoas con cargas familiares	0,50

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 4 puntos)

Proba 1.- Consistirá nunha entrevista persoal sobre o posto e as labores a desenrolar. (máximo 4 puntos).

Proba de desempate .- En caso de ser necesario acudir a un medio para prelacinar posibles empates se efectuará unha proba que consistirá nun exame tipo test de 20 preguntas e 5 de reserva con catro respostas alternativas das que so unha e veraz, que tratará sobre materia propia de socorrismo e salvamento, así como de primeiros auxilios. Cada resposta acertada sumará 0,50 e cada erro resta 0,25.

En último caso de persistir o empate procederase a realizar unha prelación por sorteo

Publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a data, hora e lugar de realización do exame e a entrevista, que coincidirán coa data e hora asignada polo servizo público de emprego na citación dos candidatos.

MÉRITOS





CONCELLO DE AGOLADA

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores.
OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal lles notificará e fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.agolada.es; os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado este prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, de ser o caso, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social. As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), ante o alcalde do Concello de Agolada, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es).





CONCELLO DE AGOLADA

agolada.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

Agolada, a data de sinatura dixital de 2020.

O Alcalde

D Luis Calvo Miguélez.





CONCELLO DE AGOLADA

ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE /TR351A

AO SR ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA

D. _____ **CO DOCUMENTO*** _____

*(APORTARÁ O DOCUMENTO NO MOMENTO DA PRESENTACIÓN)

Domicilio a efectos de notificacións en.

Dirección postal

Teléfonos de contacto

--	--

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1.- Durante o ano 2019 non fun contratado durante 6 ou máis meses, en ningún programa financiado dentro das actuacións incluídas baixo o paraugas de financiación das políticas activas de emprego.

2.- Cumpro os seguintes requisitos-

Sinalar cunha "x" aqueles que se adapten á situación do candidato

Categorías/Condicións a valorar	X
Muller	
Vítima de violencia de xénero	
Menor de 30 anos ou maiores de 45	
Demandante de primeiro emprego	
Sen cualificación (outros non título de socorrismo que é obrigatorio)	
Parados de longa duración (+de1 ano)	
Persoas con discapacidade (sempre que non impida o correcto labor encomendado)	
Persoas que carezan de ingresos	
Persoas rexistradas no Risga	
Persoas con cargas familiares	





CONCELLO DE AGOLADA

OUTROS DATOS DE INTERESE QUE DESEXE FACER CONSTAR.

*Quedo informado de que en caso de requerimento me comprometo a presentar acreditación documental da veracidade dos datos manifestados. Non atender dito requerimento no prazo que se indique na comunicación ou de verificarse a non existencia e coincidencia dos mesmos, conlevará a exclusión do candidato do proceso de selección e se dará continuidade ao mesmo.

Para que conste e declarando a veracidade de todo canto cito, asino a presente declaración en

Agolada a _____ de _____ de 2020.

Asdo:-

